

Federación Galega de Espeleoloxía

Respectar o medio ambiente das covas é respectar a vida, por iso non esquezas

Coidar

Non deixando nada atrás, agás as tuas pegadas

Preservar

Empregando técnicas de iluminación respectuosas co medio

Conservar

Non estragando o medio natural: covas e zonas kársticas axudan ao desenvolvemento local

Protexer

Mantente dentro dos sendeiros marcados e minimiza o risco de accidentes

Desfrutar

Apreciando a beleza natural e os seus valores arqueolóxicos e paleontolóxicos

Sábado 7 de marzo 2020

II Campamento de Espeleoloxía para Persoas con Discapacidade

Contacta coa natureza mentras descubres a paisaxe da escuridade



Organizan:



Federación Galega de Espeleoloxía



AGASFRA
ASOCIACIÓN GALEGA
SAN FRANCISCO



cec
CONFEDERACIÓN DE
ESPELEOLOXÍA Y CAVERNAS



II Campamento de Espeleoloxía para Persoas con Discapacidade

A OMS sinala que a discapacidade é parte da condición humana, de xeito que totalas peroas conviven coa discapacidade de maneira temporal ou permanente nalgún intre das súas vidas. En si mesmo, o concepto de discapacidade presupón algunha limitación ou restricción para realizar actividades. Moitas veces as barreiras do entorno (físico e social) evitan a participación plena e efectiva das persoas con discapacidade. Mesmo as barreiras físicas presentes no propio Medio Natural limitan o acceso destas persoas a moitos dos espazos que as rodean.

Iste campamento pretende achegar ós seus participantes, a posibilidade de superar algunhas desas barreiras, para descubrir a paisaxe agochada na escuridade das covas, desenvolvendo así unha actividades inusual para moitos: A espeleoloxía.

Datas e lugar de realización: Pedrafita (Lugo) - Las Herrerías (León) o 7 de marzal de 2020.

Para poder participar no campamento é imprescindible estar en posesión da licenza do ano en curso expedida pola FGE ou calquera outra licenza análoga de espeleoloxía recoñecida por esta (ás das federacións integradas na CEC). Os menores de idade precisan de permiso paterno (que custodiará o club) e acudir tutelados por un adulto. A organización non se responsabiliza de posibles accidentes.



A descuberta da espeleoloxía e das covas ímola celebrar, pola súa accesibilidade na cova de Cortiñas, sita en Valcarcel (León), perto de Pedrafita (Lugo),

Sábado 7 de marzal

- 07:00 Saída dende o centro de San Francisco de Vigo.
- 10:00 Chegada a Las Herrerías (6 km de Pedrafita).
 - Preparación e equipamento dos participantes
- 10:30 Aproximación ate a cova de Cortiñas e visita da cavidade
- 13:30 Saída da cova e regreso ate o autobús
- 14:30 Xantar en Pedrafita do Cebreiro
- 16:00 Regreso ó centro San Francisco de Vigo

Equipamento e apoios

Os participantes virán equipados con roupa deportiva e botas (millor botas de auga), e roupa para cambiarse.

A actividade inclúe para os participantes: Licencia Federativa e Seguro de Accidentes; equipamento espeleolóxico (lubas e funda dun só uso, casco equipado con luz, e consumíbeis); manutención; equipo de apoio con persoas especializadas nas covas e tamén persoal técnico para a atención de persoas con discapacidade.

